

DOMINGO 14 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA Ez 2, 2-5

Son casa rebelde e han saber de certo que hai un profeta no medio deles.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE EZEQUIEL

Mentres me estaba a falar, entrou en min un espírito que me puxo de pé, e escoitei o que estaba a falar.

Díxome:

- Fillo de Adam, eu voute mandar onda os fillos de Israel, onda un pobo de rebeldes que se reviraron contra min -eles e mailos seus pais-, que pecaron contra min, ata o mesmo día de hoxe. Estes fillos, ¡que duros son de cara! ¡Que obstinados de corazón! Voute mandar onda eles, e vaslles dicir: "Así fala o Señor, Iavé". Deste xeito, eles -escóitente ou rexéitente, pois son casa rebelde- han saber de certo que hai un profeta no medio deles.

SALMO RESPONSORIAL Sal 122, 1-2a. 2bcd. 3-4

R/ (2cd): Os nosos ollos están no Señor en tanto El non se apiade de nós

Cara a ti alzo os meus ollos,
cara a ti que moras no ceo.
Coma os ollos do servo no seu señor,

coma os ollos da serva na súa señora,
así están os nosos ollos en ti, Señor, noso Deus,
en tanto El non se apiade de nós.

Apiádate de nós, apiádate, Señor,
pois estamos fartos de desprezo;
farta está a nosa alma
das burlas dos satisfeitos,
do desprezo dos poderosos.

SEGUNDA 2 Cor 12, 7-10

Gloriareime na miña febleza para que habite en min a forza de Cristo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Debido á grandeza das revelacións, por iso, para que non teña soberbia, espetouseme un aguillón na carne: un emisario de Satanás, para que me pegue lapotes, e así non teña orgullo. Por tres veces pedinlle ao Señor que o arredase de min, pero respondeume: "Chégache coa miña graza; a forza vese cumprida na fraqueza". Daquela presumirei con gusto das miñas debilidades, para que así resida sobre min a forza de Cristo. E por iso gózome nas fraquezas, nas afrontas, nas necesidades, persecucións e angustias que sufro por Cristo; porque, cando estou débil, entón é cando son poderoso.

ALELUIA Cf Lc 4, 18:

O Espírito do Señor está sobre min: mandoume evanxeliza-los pobres

DOMINGO 14 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 6, 1-6

Non hai profeta máis desprezado que na súa terra

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Saíndo Xesús de alí, foise para a súa vila, acompañado polos seus discípulos. Cando chegou o sábado, empezou a ensinalos na sinagoga. E moita da xente que o escoitaba dicía abraiada:

- De onde lle veñen a este todas esas cousas? Que sabedoría é esa que lle ensinaron, e como pode facer tantos milagres pola súa man? Non é este o carpinteiro, fillo de María e irmán de Santiago, Xosé, Xudas e mais Simón, e as súas irmás non viven aquí connosco?

Estaban realmente escandalizados. Pero Xesús díxolles:

- Non hai profeta máis desprezado que na súa terra, na súa casa, ou entre os seus parentes.

E non puido realizar alí ningún milagre, fóra dalgunhas curacións, que fixo impondo as mans. Estaba sorprendido por aquela incredulidade. E adicouse a andar polas aldeas dos arredores, ensinando.